

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DO SERVIZO DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL “MARCIAL DIZ GARRIDO”. MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.**

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto definir as condicións que deben rexer na contratación administrativa especial do servizo de cafetería sen comidas do Centro Social “Marcial Diz Garrido” desta vila das Neves, propiedade municipal.

**1.- LOCAL**

1.1 O servizo prestarase no espazo da planta baixa do Centro Social, acondicionada para este fin. Superficie: útil cerrada, 75,45 m<sup>2</sup>; útil aberta, 11,20 m<sup>2</sup>; total construída, 115,15 m<sup>2</sup>, de conformidade cos planos asinados polo arquitecto-asesor técnico municipal, que se acompañan.

**2.- EQUIPAMENTO**

O equipamento, mobiliario, útiles, maquinaria e menaxe do servizo de cafetería do Centro Social que se relacionan no anexo I son propiedade do Concello. O adxudicatario do servizo asinará, xunto co contrato, a acta de conformidade de recepción de tal inventario, que deberá conservar e utilizar para o bo funcionamento do servizo. A reposición das pezas do inventario será por conta do Concello sempre e cando o seu deterioro non sexa imputable ao mal uso polo adxudicatario. Tódalas reparacións e mantemento do equipamento que compón a cafetería, serán por conta do adxudicatario.

**3.- CONDICIÓN DO SERVIZO.**

3.1- O Concello das Neves, será quen regule e interprete tódalas cláusulas deste prego.

3.2- O Concello designa ao concelleiro da área de benestar, don Óscar

González Álvarez para que faga o seguimento do grao de cumprimento das cláusulas deste prego.

3.3- A empresa adxudicataria nomeará un representante perante o Concello, con capacidade suficiente para resolver os problemas derivados do funcionamento diario da cafetería, e que deberá estar presente na mesma durante o horario de funcionamento.

3.4- O adxudicatario estará obrigado a manter en bo estado os locais, instalacións maquinaria e menaxe, entregados polo Concello. Tódalas reparacións e mantemento do equipamento que compón a cafetería serán por conta do adxudicatario.

3.5- A limpeza da cociña, terraza, a sala de cafetería, zona de barra e instalacións, almacén, baños, hall, maquinaria e moblaxe, correrá a cargo do adxudicatario.

3.6- Cando o adxudicatario pretenda realizar calquera tipo de mellora das instalacións existentes, deberá contar coa aprobación previa do Concello.

3.7- Non se poderán instalar en ningún caso máquinas recreativas.

3.8- O servizo da cafetería prestarase de forma ininterrompida, de domingo a venres, a 9,00 a 22,00 horas. Se este horario fora variado polas necesidades do Centro Social, o horario da cafetería adaptárase o mesmo sen que tal situación supoña para o adxudicatario ningún tipo de compensación.

3.9- Non poderá dispoñer do mobiliario e equipamento da cafetería para outros servizos que non estean especificamente recoñecidos neste prego.

3.10- Non poderá utilizar a cafetería para outros servizos que non sexan os especificados neste prego. Para tódolos servizos que se consideren extraordinarios deberase solicitar a correspondente autorización ao Concello, para a súa conformidade.

3.11- A auga, luz e calefacción serán por conta do Concello e estarán incluídas no canon por non poder ser obxecto de valoración independente.

3.12- Non se servirán comidas; só, bocadillos, sándwichs e aquilo que poida facerse nunha prancha.

#### **4.- PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO PERSOAL DO ADXUDICATARIO.**

4.1- A empresa adxudicataria queda obrigada a que todo o persoal que empregue para a prestación do servizo de cafetería estea afiliado á Seguridade Social.

Tódolos gastos de carácter social, así como o relativos aos tributos do referido persoal, serán por conta do adxudicatario.

Será esixible mensualmente ao adxudicatario a demostración documental de estar ao corrente no pagamento das custas á Seguridade Social do persoal que dispoña para presta-lo servizo.

A empresa adxudicataria será responsable, ante os tribunais de xustiza dos accidentes que puidesen sobrevir ó seu persoal polo exercicio da súa profesión nos locais do CGAC.

O persoal que contrate a empresa adxudicataria non terá ningunha vinculación co Concello, polo que non terá dereito ningún respecto a este, xa que dependerá única e exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes respecto ao devandito persoal, conforme á lexislación vixente e á que no sucesivo se promulgue. En ningún caso será responsable a parte contratante das obrigas do adxudicatario respecto aos seus traballadores, nin sequera cando a extinción do contrato e outras medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento ou interpretación do contrato.

Indicarase na oferta o persoal que vai realiza-lo servizo, con indicación dos postos de traballo que ocupe cada un deles, segundo a clasificación da ordenanza laboral vixente e a xornada laboral de cada empregado.

4.2- A empresa que resulte adxudicataria da contratación especial deberá presentar relación do persoal que vai realizar as tarefas do servizo da cafetería antes da sinatura do contrato, con indicación dos seguintes datos:



.- Nome e apelidos da cada traballador.

.- N.I.F.

.- Posto de traballo que vai desempeñar segundo a clasificación de ordenanza laboral vixente.

.- Xornada laboral de cada empregado.

4.3- Todo o persoal que figure na relación á que se refire o apartado 4.2 deberá ter o carné de manipulador de alimentos, en caso contrario non será admitido.

4.4- Será obriga do adxudicatario uniformar ao seu persoal durante a xornada laboral.

4.6- Os cambios de persoal serán comunicados ao concello por escrito.

## 5.- LISTA DE PREZOS E CONSUMICIONS

Inclúese unha lista de consumicións mínimas cos prezos máximos que poderán ser variados á baixa na oferta realizada polo interesado:

<b>BEBIDAS QUENTES</b>	<b>PREZO MÁXIMO</b>
Café só, cortado, e con leite (40 cm.) .....	0,90 €.
Café con leite dobre (95 cm.) .....	1,10 €.
Café con leite de almorzo (200 cm.) .....	1,20 €.
Descafeinado con leite .....	0,90 €.
Macela, té, tila, (infusión en xeral) .....	1,10 €.
Vaso de leite pequeno (100 cm.) .....	0,75 €.
Vaso de leite grande (200 cm.) .....	1,00 €.
Chocolate .....	1,30€.
Cacao con leite .....	1,10 €.
 <b>BOLOS E REPOSTERIA</b>	
Croissant grande.....	0,80 €.
Magdalena cadrada .....	0,50 €.

### **BEBIDAS E REFRESCOS**

Refrescos de cola .....	1,30 €.
Refrescos de laranxa, limón, tónica .....	1,30 €.
Augas minerais .....	1,00€ e
1,10€ con gas.	
Zumes de laranxa, piña, melocotón, et.....	1,50 €.
Batidos .....	1,50 €.
Mosto .....	1,20 €.
Bitter .....	1,20 €.
Caña de cervexa (1,5) .....	1,30 €.
Cervexa (1/3) .....	1,30 €.
Cervexa (1/5) .....	1,20 €.
Bote de cervexa .....	1,30 €.
Bote de refresco .....	1,30€.
Botellín de sidra .....	1,20 €.

### **BOCADILLOS**

Xamón sérrano e queixo .....	3,00 €.
Xamón sérrano .....	2,00 €.
Xamón york e queixo .....	2,50 €.
Beicon e queixo .....	2,50 €.
Chourizo .....	1,80 €.
Chourizo e queixo .....	1,90 €.
Salchicha e bacon .....	2,50 €.

### **SANDWICHES**

Mixto de xamón York e queixo .....	1,90 €.
Mixto de chourizo e queixo .....	1,90 €.
Vexetal .....	2,50 €.

O licitador poderá ampliar esta lista mínima de produtos comprometéndose a



servir en todo momento todo aquilo que oferte na súa carta de consumicións.

## ANEXO I

### INVENTARIO CENTRO SOCIAL

#### **CAFETERÍA:**

- Sete mesas (catro redondas e tres cadradas) e vinteoito sillas.
- Catro taburetes de barra.
- Unha cámara frigorífica (de barra) para bebidas, marca INFRICO
- Barra de bar en madeira.
- Tres estantes na parede.
- Fregadeiro con dúas °piletas e un grifo de auga quente e fría.
- Calentador de auga quente, marca BALAY.
- Dous percheiros de parede, de catro pomos cada un.
- Dous ventiladores no teito.
- Cortinas de láminas ó longo de todo o ventanal.
- Dous cuadros enmarcados, un firmado por “Juan” e outro por “Diz”
- Tres Radiadores.
- O espacio da cociña conta con estanterías e o fregadeiro cunha pileta e un grifo de auga quente e fría.
- Moble café de 5 portas (faltalle unha asa).
- Lavavasos, marca SAMMIC, md. SL-18, en acerinox, cesta de 350x350, Altura útil vaixela 20 cm. Medidas 420x490x605.

#### **HALL DA ENTRADA:**

- Un sofá de dúas prazas.



- Dous sofás individuais.
- Unha placa co nome do centro.
- Unha placa adicada a Oswaldo Lino González.
- Un cuadro de “Pucho”.
- Un cuadro de Francisco Castro.
- Dous tablóns de anuncios de corcho.
- Un extintor.
- Catro radiadores.

#### **CUARTOS DE BAÑO:**

- Cuarto de baño de homes e cuarto de baño de mulleres, cada un deles conta con un lavabo, un water e, a maiores, o de homes conta con dous mexadeiros para homes.
- Cada un deles conta tamén cunha xaboneira na parede (para xabón líquido), un secador de máns e un espello.

As Neves, 12 de febreiro de 2016.

O ALCALDE-PRESIDENTE,  
Asinado electronicamente